

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 5 DO PXOM DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Urbanismo do 13 de xullo de 2015** sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu a que coñecían perfectamente o expediente e a que a súa orixe partía dun ordenamento anulado por unha sentenza do Tribunal Supremo, optándose por unha ordenación individualizada, polo que comparten a necesidade de aprobar esta proposta, anunciando o seu voto favorable.

O Sr. Presidente recalcou que se trataba de dar cumprimento a unha sentenza, sendo un expediente que a anterior interviniente coñecía de primeira man.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: prestar aprobación inicial á Modificación Puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo, contida no documento denominado “Proxecto de Modificación Puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo”, de data Setembro-2014 redactado por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez.

SEGUNDO: ao abeiro do disposto no art. 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), **someter o expediente completo ao tramite de información pública durante un prazo de dous meses**, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra. **Entre a documentación que se somete a información pública**, por aplicación do art. 237.2 da LOUGA, **está o texto íntegro do convenio**, negociado simultaneamente coa tramitación desta modificación puntual coa que garda directa relación, **asinado o 20 de maio de 2015, pola entidade mercantil “CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L.”, por Dona Sara Ruíz Lima, no seu nome e no de seu irmán D. Bernardo Ruíz Lima e pola Alcaldía.**

TERCEIRO: simultaneamente e **durante o mesmo tempo que a información pública, dese audiencia aos concellos limítrofes, e solicítense os informes sectoriais que resulten pertinentes**, conforme ao previsto nos informes dos técnicos municipais que obran unidos ao expediente, **a fin de que sexan emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo”**.-----

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, interviu para indicar que dende unha asesoría xurídica participou, no seu inicio, na tramitación do asunto que se ía debater a continuación, razón pola que, entendendo que podía concorrer unha causa de incompatibilidade, se ía abster de participar no tratamento do seguinte punto da orde do día, abandonando o salón de sesións sendo as dez horas e dez minutos.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL, PARROQUIA DE VILALONGA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo do 13 de xullo de 2015 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que o goberno actual convocou un pleno extraordinario para aprobar un asunto sobre o que antes eran moi críticos, xa que o utilizaron como unha arma arroxadiza contra o goberno anterior e agora fan unha valoración distinta, xa que o expediente segue na mesma liña, coa correcta tramitación que se seguiu na anterior corporación, polo que terán que recoñecer que as valoracións dos terreos, de 30 € e 50 €, eran impensables coa normativa vixente e que foi necesaria a expropiación como consecuencia da afección de terreos polo POL, orixinada pola decisión do bipartito da Xunta de someter o Plan a un informe de avaliación ambiental. Por último dixo que o actual goberno puido deixar caducar o expediente senón estaba de acordo con el e non o fixo e destacou o grande esforzo que supuxo a tramitación deste expediente.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, recordou que o Partido Popular gobernou en Sanxenxo dende 1.999 ata agora e nese período de tempo non foron capaces de poñer a disposición da Xunta os terreos necesarios para construír o colexio, polo que a súa capacidade de negociación foi cero, ademais de que no seu día o anterior goberno municipal intentou xustificar a expropiación polo desencontro cun propietario, despois de vender que os terreos xa estaban a disposición. A continuación dixo que esta actuación acabará no Xurado de Expropiación, cos prezos que alí se fixen e que dende o concello non houbo capacidade de negociación e só pretendeuse gañar tempo, tendo en conta que a Consellaría de Educación tampouco tiña destinada partida nos seus orzamentos para facer esta obra.

A Sra. Deza Martínez manifestou que o anterior interviniente non leu o expediente, que o foi o goberno anterior o que o tramitou e, tan mal non o debeu facer, cando agora o van aprobar. A concelleira en uso da palabra volveu destacar que foi a decisión do bipartito da Xunta de someter o Plan a un informe de avaliación ambiental estratéxica, o que provocou que lle afectase a este ámbito o POL, que quedase o concello só con 6.000 m e que fose necesario acudir a expropiación integral do ámbito. Tamén resaltou que en ningún momento obviaron a negociación, pero foi imposible pola oposición dun propietario. Finalmente aludiu a que o goberno actual, cando estaba na oposición, dicía que se estaban a usurpar os terreos aos lexítimos propietarios e, neste momento, propoñen o que antes criticaban, preguntándose porque non negocian agora.

O Sr. Otero Domínguez sinalou que a realidade era que estaban no 2015 e que os gobernos do Partido Popular non foron capaces de facer nada en relación co colexio, nin siquiera concluír o expediente, precisando que o POL non o aprobou o bipartito, que tan só estivo no goberno da Xunta unha lexislatura, rematando para afirmar que os gobernos anteriores do concello fracasaron neste tema.

O Sr. Presidente indicou que o goberno anterior prometeu o colexio e agora están sen el, que criticaron que este asunto viñese a pleno por urxencia, sen trámite de comisión e sen que dese tempo a coñecer o expediente, o que non se fai agora. Continuou dicindo que seguían sen estar dacordo cos prezos, pero que había que ser realistas e mirar polo interés xeral, xa que o importante era o colexio

e non se podían permitir caducar este expediente e comezar outro de novo.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Estimar parcialmente a alegación presentada o 10 de marzo de 2015 (rexistro de entrada nº 2143) por **D. Luis Ansorena Pérez**, no exclusivo sentido de recoñecer como cotitular da finca nº 29 do Proxecto de Expropiación xunto con D^a María del Rosario Pérez Pereira, ós herdeiros de D. Luis Ansorena Garret, desestimando as restantes pretensións; así como a alegación formulada por **D. Ignacio Velón de Francisco** en data do 11 de marzo de 2015 (rexistro de entrada nº 2181), exclusivamente no tocante á indemnización por demérito da porción non expropiada da finca matriz da que provén a finca nº 24 do Proxecto de Expropiación, que solicita subsidiariamente, nos termos previstos no informe do enxeñeiro agrónomo D. Jorge Domínguez Piñeiro dde 19 de maio de 2015.

SEGUNDO: Estimar a alegación presentada o 13 de maio de 2015 por **D. Sergio José Otero Otero** (rexistro de entrada nº 4630), nos termos e coa contía indemnizatoria prevista no informe do enxeñeiro agrónomo D. Jorge Domínguez Piñeiro de 19 de maio de 2015.

TERCEIRO: Desestimar as restantes alegacións formuladas á vista dos informes técnicos e xurídicos que obran unidos ao expediente.

CUARTO: Inadmitir as alegacións formuladas por **D. Juan Antonio Camiña Otero** e por **D. Enrique González Caneda**, na data do 04 de xuño de 2015, (números de entrada no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo 5484 e 5485 respectivamente), por extemporáneos, logo de ser presentados fora do prazo dun mes dende a notificación da taxación dos bens, como establece o artigo 143.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

QUINTO: Prestar aprobación definitiva ao **Texto Refundido do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do plan especial de infraestruturas e dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel, parroquia de Vilalonga**, elaborado polo Arquitecto municipal e polo técnico municipal, na data do 22 de xuño de 2015, así como o propio expediente expropiatorio, ao abeiro do disposto no artigo 143 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

SEXTO: Notificar o presente acordo aos propietarios e demais interesados nos bens e dereitos que figuran no proxecto de expropiación, conferíndolles un prazo de 20 días, durante o cal poderán manifestar por escrito a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

SÉTIMO: Declarar a urxente ocupación dos bens e dereitos obxecto de expropiación, consonte o artigo 144 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de 16 de decembro, de 1954, de Expropiación Forzosa, cando se proceda ao pago ou ao depósito do importe da valoración prevista”. -----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: